



Formulario de inscrición

NOME
APELIDOS
D.N.I.
ENDEREZO
LOCALIDADE
C.P.
PROVINCIA
CORREO-E
TELÉFONO
CENTRO DE TRABALLO

Se non é maior de 18 anos fágao constar.
Teño menos de 18 anos: SI NON

Prazas limitadas a 100 persoas, por orde de solicitude.
Pode remitir esta solicitude a direccion@museolugo.org ou entregala persoalmente ou remitíla ao Museo Provincial de Lugo.

Desexo recibir información sobre as actividades realizadas pola Rede Museística Provincial:
SI NON

Asdo.:

Lugo, ____ de ____ de 2019

Museo Provincial de Lugo. Praza da Soidade, s/n ; 27001 Lugo. Tfno. 982 242 112

A inscrición nesta xornada implica a autorización do solicitante á entidade organizadora do uso de imaxes durante a xornada para a difusión e comunicación da mesma.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os datos facilitados a través deste formulario, serán incluídos nos nosos ficheiros coa finalidade de realizar a inscrición nesta xornada e informar de actividades futuras.

O usuario poderá exercer os seus dereitos de cancelación e de oposición, no que atinxa aos seus datos de carácter persoal, mediante un correo electrónico dirixido a difusion@museolugo.org ou por correo postal á Dpto. de Difusión, Praza da Soidade s/n 27001 Lugo.

Programa

- 09:30** Acreditación asistentes
- 10:00** Presentación oficial
- 10:15** 1ª Charla: **Covas de Eirós e Valdavara: afondando na investigación do Paleolítico galaico.** Ramón Fábregas Valcarce, catedrático de Prehistoria da USC.
- 11:00** 2ª Charla: **A Cova da Valiña trinta anos despois: prehistoria da Prehistoria.** César Llana Rodríguez, arqueólogo e director do Museo Etnolóxico de Ribadavia.
- 11:45** Pausa
- 12:15** 3ª Charla: **Descubriendo el Paleolítico del sureste peninsular: investigación y divulgación científica en la Cueva del Arco (Cieza, Murcia).** Ignacio Martín Lerma, profesor de Prehistoria da Universidade de Murcia, vicedecano da Facultade de Letras e director da escavación.
- 13:15** **Mesa redonda: O papel do patrimonio arqueolóxico no desenvolvemento local e na sustentabilidade territorial: estratexias de difusión e comunicación**
Moderada por **Aurelia Balseiro García** (Directora do Museo Provincial de Lugo) e composta polos anteriores poñentes máis os seguintes convidados: **Carlos Fernández Rodríguez** (Universidade de León) e **Arturo Lombera Hermida**, GEPN-AAT (USC)
- 14:00** Debate Coloquio
- 17:00** Visita técnica explicativa a cargo de **Arturo Lombera** á exposición sobre as covas das serras orientais galegas: Eirós (Triacastela), Valdavara (Becerreá) e Valiña (Castroverde) no MPL (sala 9) complementada cunha demostración elemental de talla en seixo.

Máis información



Tel. 982 242 112
www.redemuseisticalugo.org



**As covas:
Portas
a outros
mundos**

**II XORNADA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO
PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE**
Eirós (Triacastela), Valdavara (Becerreá) e Valiña (Castroverde)

LUGO
Venres
22 marzo
2019



As covas: Portas a outros mundos

Con motivo desta segunda xornada sobre o Patrimonio Arqueolóxico lucense, continuamos coa finalidade proposta o pasado ano no que atinxe a establecer canles de comunicación coa sociedade a través da transversalidade dos museos fomentando o debate e actualizando contidos arqueolóxicos; estimular e educar patrimonialmente á comunidade a través do coñecemento e da dinamización sociocultural, así como resaltar o noso patrimonio coa súa identificación e visibilidade expresa.

Obxectivos concretos:

- Abordar a integración dos restos arqueolóxicos na paisaxe e na propia comunidade da súa contorna para analizar a súa posible explotación racional como recurso para o desenvolvemento económico e social.
- Visualizar estratexias de difusión e divulgación científica para un correcto coñecemento deste tema: interese espeleolóxico, patrimonial, arqueopaleontolóxico, turístico...etc.
- Afondar na contextualización e coñecemento da importancia arqueolóxica das cavidades devanditas para a comprensión do primeiro poboamento de Galicia.
- Resaltar as ocupacións prehistóricas das cavidades da Galicia oriental.

Lugar: Salón de actos da Deputación de Lugo.

Prazas: 100 (previa inscrición gratuíta). As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición. Formulario de inscrición no Museo Provincial de Lugo e na web www.redemuseisticalugo.org. Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada. (8 horas lectivas). Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

Organización: Museo Provincial de Lugo.

Dirección e Coordinación: Aurelia Balseiro García - direccion@museolugo.org
Ramón Fábregas Valcarce - ramon.fabregas@usc.es
Arturo Lombera - arturode.lombera@usc.es

Secretaría: Enrique Alcorta e M^a Ofelia Carnero (Dpto. de Arqueoloxía do MPL)

CAIRO DE OSO
Cova de Eirós

Contidos/Resumes:

1- Covas de Eirós e Valdavara: afondando na investigación do Paleolítico galaico. *Ramón Fábregas Valcarce.*

Coma xa sinalara a pioneira intervención arqueolóxica na Valiña, as cavidades da banda calcaria oriental de Galicia supoñen unha fonte de información privilexiada que permite botar luz sobre aspectos da vida e da cultura material dos habitantes máis arcaicos do Noroeste. Nas covas, en efecto, presérvanse restos óseos (fauna, ferramentas) ademais dos artefactos líticos habituais nos xacigos ao aire libre ou en abrigo. En Cova Eirós rexístrase unha secuencia ocupacional que atinxe ao Paleolítico Medio, boa parte do Paleolítico Superior e que se prolonga, mesmo, ata etapas históricas. Por outra banda, alí se localiza a primeira mostra de arte parietal de tradición paleolítica no Noroeste. En Valdavara I-II, as escavacións realizadas documentan ocupacións correspondentes ao período Magdalenense (no momento final do Paleolítico Superior), pero tamén interesantes evidencias funerarias que se encadran xa na Prehistoria recente (Neolítico Final e Idade do Bronce). A pouca distancia, no sitio de Valdavara III, atopouse no curso dunha escavación de urxencia unha impresionante colección paleontolóxica e algúns artefactos líticos que se remontan ata hai uns 100.000 anos.

2- A Cova da Valiña trinta anos despois: prehistoria da Prehistoria. *César Llana Rodríguez.*

No ano 1987 tivo lugar a primeira campaña de escavación arqueolóxica desta cova do concello de Castroverde, descuberta por casualidade nos anos sesenta cando, ao extraer pedra para obter cal, aparecen osos que son enviados ao Museo Provincial de Lugo. O achado foi publicado por Manuel Vázquez Seijas en 1965 e anos despois Felipe Arias (1971) subliña o interese dos materiais procedentes desta cova nos fondos do MPL.

As intervencións arqueolóxicas no xacemento tiveron lugar nos anos oitenta e noventa do século pasado, por un equipo interdisciplinar baixo a dirección de María José Soto e César

Llana. Os resultados do que se debe considerar un traballo incompleto, publicados en monografías e artigos, levaron a dar por documentada unha ocupación da Cova da Valiña fai 30.000 anos e, posiblemente, ocupada de novo no entorno dos 16.000 BP.

3- Descubrindo o Paleolítico do sureste peninsular: investigación e divulgación científica na Cova do Arco (Cieza, Murcia). *Ignacio Martín Lerma.*

A Cova do Arco (Cieza, Murcia) posúe unha das secuencias máis interesantes do Mediterráneo Ibérico para comprender o paso entre o Paleolítico Medio e o Superior. Trátase dun dos poucos xacementos mediterráneos que aglutina arte rupestre e ocupacións paleolíticas. Ademais, é un asentamento cunha longa secuencia ocupacional, que arranca coas últimas poboacións de neandertais, continúa con diversas ocupacións do Paleolítico Superior e finaliza coa chegada dos primeiros agricultores e gandeiros do Neolítico Antigo. Os achados atopados no xacemento xeraron un grande interese na comunidade científica e un alto impacto social.

4- O papel do patrimonio arqueolóxico no desenvolvemento local e na sustentabilidade territorial: estratexias de difusión e comunicación.

Dentro dos obxectivos marcados nestas xornadas do MPL, nesta mesa redonda composta polos anteriores relatores aos que se suman os especialistas **Carlos Fernández** e **Arturo Lombera** moderada por **Aurelia Balseiro**, trátase de ofrecer distintos puntos de vista sobre a rendabilidade sociocultural do Patrimonio Arqueolóxico a través de experiencias concretas, de proxectos de desenvolvemento, programas de investigación e difusión, etc. para avanzar desde os recursos presentes/situación actual ata a visualización de estratexias de futuro. Ademais de coñecer a importancia e significado das covas lucenses, tamén se pretende fomentar a participación das persoas que asisten e a implicación da comunidade baseándose nos obxectivos marcados na xornada.

AZAGAIA

Cova da Valiña

Proxecto expositivo no Museo Provincial de Lugo

Lugar: Sección de Prehistoria/Arqueoloxía (sala 9, 1ª planta).

Contido: Materiais orixinais, reproducións e paneis con gráficos, fotografías, etc., sobre a cultura material das tres covas lucenses xunto coa súa contextualización no espazo territorial e temporal, ademais da súa significación dentro do patrimonio arqueolóxico lucense.

Material expositivo: Varias vitrinas coa cultura material en préstamo temporal (Eirós) ademais das pezas conservadas no MPL (Valiña) xunto con varios paneis relativos a cada unha das tres covas máis outro xenérico de presentación co título e imaxe da xornada e un texto introdutorio xeral sobre estas cavidades.

Duración: Do 18 ao 31 de marzo de 2019.

Obxectivo: Complementar a xornada e divulgar este patrimonio arqueolóxico.